

08/2024.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 03 DE XULLO DE 2024

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 03 de xullo de 2024, ás nove horas e trinta e oito minutos reúnen, baixo a presidencia do alcalde asistido da secretaria que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

PRESIDENTE:

Valentín González Formoso (abandona o salón de plenos ás 11:09 h)

Antonio Alonso Román (Decreto de substitución nº 1322/2024, do 04 de xullo)

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:

Ana Mª Pena Purriños

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Lorena Tenreiro Blanco

Francisco da Silva Vello

María Jesús Romero Franco

Mª del Carmen Dopico Rodríguez

Carmela Franco Caaveiro

NON ASISTEN CON ESCUSA:

Diego Balsa Bellas

Fernando Vilaboy Ledo

SECRETARIA:

Marina Núñez Orjales

INTERVENTORA

Cristina Morán Monzo

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBAR AS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DOS DÍAS 08/05/2024 (ORDINARIA); 13/05/2024 (EXTRAORDINARIA)

O presidente da sesión dá conta das seguintes actas para a súa aprobación, de conformidade co previsto no artigo 91.1 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 30 do Regulamento orgánico do Concello das Pontes de García Rodríguez:

- 08/05/2024 (ordinaria): aprobase por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes.
- 13/05/2024 (extraordinaria): aprobase por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes.

2.- DAR CONTA DOS DECRETOS DOS MESES DE MAIO E XUÑO DE 2024. EN PARTICULAR, DOS DECRETOS Nº 862/2024 E 868/2024, DO 08 DE MAIO; 884/2024, DO 13 DE MAIO; 927/2024, DO 16 DE MAIO; 974/2024, DO 21 DE MAIO; 981/2024 E 984/2024 DO 23 DE MAIO; 1002/2024, DO 29 DE MAIO; 1075/2024, DO 12 DE XUÑO E 1180/2024, DO 26 DE XUÑO.

O presidente, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no artigo 30 do Regulamento orgánico municipal, deu conta dos decretos correspondentes aos meses de maio e xuño de 2024.

En particular, dáse conta dos decretos nº 862/2024, do 08 de maio; 884/2024, do 13 de maio; 927/2024, do 16 de maio; 974/2024, do 21 de maio; 981/2024, do 23 de maio; 1002/2024, do 29 de maio; 1075/2024, do 12 de xuño e 1180/2024, do 26 de xuño de substitución nas funcións da Alcaldía, do decreto nº 868/2024 do 08 de maio de aprobación do proxecto modificado de data 03/07/2023 do investimento “Mellora de pavimentación e servizos na rúa Anduriñas e traslado de marquesiña na rúa Camelias” e do decreto 984/2024, do 23 de maio de aprobación de actuación administrativa automatizada con selo de órgano.

3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

A concelleira María Tania Pardo Cabarcos deu conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación, de data 28/06/2024.

Os antecedentes do expediente con referencia 2024/S004/000012 son os seguintes:

O Pleno do Concello das Pontes de García Rodríguez, en sesión de data 08/01/2020, aprobou inicialmente a modificación do Regulamento de réxime interno da Escola Infantil Municipal A Barosa. Unha vez tramitado, publicouse no Boletín Oficial da provincia da Coruña, núm. 53 do 20/03/2020.

O día 07/03/2023, requírese por parte da Concellería de Política Social unha modificación do Regulamento de réxime interno para adaptalo a gratuidade da escola Infantil Municipal.

O día 06/05/2024 Montserrat González Rivera, coordinadora do departamento de Servizos Sociais asina o informe en canto as modificacións a introducir no regulamento.

O día 07/05/2024 emite informe xurídico a secretaria municipal.

A proposta de acordo asínase o día 10/05/2024.

O ditame da Comisión Informativa ten data 28/06/2024.

O pleno do concello, en base ao disposto nos artigos 4.1 a), 22.2 d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 6.1a) da Lei 5/1997, do 22 de

xullo, de administración local de Galicia, por unanimidade, con once votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 3 do BNG e 1 do PP), acorda:

- 1º) Aprobar inicialmente o texto modificado do Regulamento de réxime interior da Escola Infantil Municipal A Barosa, segundo o texto que figura no expediente e coas modificacións que propuxo o Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.
- 2º) Abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións. O acordo de aprobación inicial someterase a información pública mediante a publicación do mesmo, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web.
- 3º) Entender definitivamente adoptado o acordo até entón provisional para o caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión e, nese caso, publicar no BOP o texto refundido modificado do Regulamento de réxime interior da Escola Infantil Municipal A Barosa.
- 4º) Remitir o documento aprobado para que o vise a consellería competente, en cumprimento do disposto no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

O texto refundido da ordenanza aprobada inicialmente é o seguinte:

PREÁMBULO

A Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, Lei Orgánica de Educación, no Título I, Capítulo I Art. 12 define a Educación Infantil como a etapa educativa de atención de nenos e nenas de ata 6 anos de idade, establecendo o seu carácter voluntario e coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos/as nenos/as, sendo de recoñecida importancia a cooperación dos centros de Educación Infantil cos pais e nais, co obxecto de respectar a súa responsabilidade fundamental. A Educación infantil organízase en dous ciclos, o primeiro comprende ata os 3 anos, e o segundo dende os 3 ata os 6 anos de idade.

Entendendo a Educación Infantil como unha etapa única e con identidade propia, cómpre establecer unha normativa específica que regule as escolas infantís de 0-3 anos, tanto no referente ao seu funcionamento como na súa organización e xestión.

As escolas infantís constitúen un primordial e excelente contexto de socialización e teñen un labor fundamental na detección precoz de dificultades no desenvolvemento dos/as menores, xogando un papel fundamental na compensación de carencias e desigualdades que teñen a súa orixe nas diferencias sociais.

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e o funcionamento da Escola Infantil Municipal “Barosa” do Concello das Pontes de García Rodríguez (EIMBA), concibida como un espazo privilexiado onde asenta a educación, permitindo a mellora constante das relacións entre a dirección da escola, os pais, nais, tutores/as ou

representantes legais, os/as educadores/as e a administración titular do centro, así como o procedemento de adxudicación de prazas e as condicións de uso.

Ten como obxectivo que a poboación de nenos/as destas idades poidan ser acollidos/as, coidados/as e educados/as nun contexto de calidade, que responda ás súas necesidades, que se respecten os seus dereitos, medren seguros/as e integrados/as na súa comunidade e que sexan axudados/as para desenvolver todas as súas capacidades. Así mesmo, a escola infantil debe entenderse baixo os principios e contidos educativos recollidos no currículo de primeiro ciclo de Educación Infantil da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro deste marco, o Concello das Pontes de García Rodríguez, dende a área de Servizos Sociais, pretende poñer en marcha o regulamento de réxime interno da Escola Infantil Municipal “Barosa”, enmarcándose nas seguintes referencias legislativas:

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención a primeira infancia.
- Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.
- Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria
- Real decreto 476/2013, do 21 de xuño polo que se regulan as condicións de cualificación e formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil e de Educación Primaria, art. 2.2. (BOE núm. 167, do 13 de xullo).
- Real decreto 95/2022 do 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil
- Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición
- Decreto 245/2003, do 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís
- Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das Escolas Infantís e Resolución do 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís.
- Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

- Ordes anuais polas que se regulan as axudas ás escolas infantís.
- Instrucións ditadas polos órganos competentes da Consellería en materia de servizos sociais.
- Ordenanza fiscal núm. 24, reguladora da taxa pola prestación do servizo de escola infantil municipal, do Concello de As Pontes de García Rodríguez.

CAPITULO I DATOS DO CENTRO

ARTIGO 1. DATOS DO CENTRO

Artigo 1.1 Definición do centro

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e o funcionamento da Escola Infantil Municipal “Barosa” do Concello das Pontes de García Rodríguez (EIMBA), concibida como un espazo privilexiado onde asenta a educación, permitindo a mellora constante das relacións entre a dirección da escola, os pais, nais, titores/as ou representantes legais, os/as educadores/as e a administración titular do centro, así como o procedemento de adxudicación de prazas e as condicións de uso.

Defínese como centro diúrno con carácter socio-educativo dirixido á poboación infantil dende os tres meses de idade ata os tres anos, co obxectivo de favorecer o desenvolvemento harmónico e integral dos/das nenos e nenas, con dúas funcións engadidas importantes: apoiar o labor educativo da familia e facilitar a conciliación da vida laboral e familiar.

Ten como obxectivo que a poboación de nenos/as destas idades poidan ser acollidos/as, coidados/as e educados/as nun contexto de calidade, que responda ás súas necesidades, que se respecten os seus dereitos, medren seguros e integrados na súa comunidade e que sexan axudados a desenvolver todas as súas capacidades.

Así mesmo, a escola infantil debe entenderse baixo os principios e contidos educativos recollidos no currículo de primeiro ciclo de Educación Infantil da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os centros de atención á primeira infancia, escolas infantís 0-3, cumpren unha función eminentemente educativa, proporcionando ás persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos/das nenos/as.

A escola infantil cooperará estreitamente cos proxenitores e coas persoas titoras co fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e conseguir a mellor integración entre o centro e as familias.

ARTIGO 2. DATOS IDENTIFICATIVOS

Nome: Escola Infantil Municipal Barosa

Enderezo: Poboado As Veigas, s/n (R/ Miño). 15320 As Pontes de García Rodríguez

e-mail: escola.infantil@aspontes.org

Departamento Responsable: Departamento de Benestar Social

Artigo 2.1 Titularidade

Entidade Titular: Concello de As Pontes de García Rodríguez

CIF: P1507100D

Representante Legal: Alcaldía do Concello das Pontes de García Rodríguez.

Enderezo: Parque Municipal S/N 15320 As Pontes de García Rodríguez

Nº de Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS): E- 660

Artigo 2.2 Autorizacións

Data de permiso de inicio de actividade.- PIA: 8 de xaneiro de 2001

Artigo 2.3 Tipo de xestión: Indirecta

A EIMBA depende, administrativamente, da Concellería de Benestar Social do Concello das Pontes de García Rodríguez. En todo caso, unicamente ao concello lle corresponde a representación do centro ante outras entidades distintas á local, debendo estipular en que persoa/as delega a mesma cando así o estime oportuno.

O Concello conta cunha entidade xestora responsable da xestión e funcionamento da escola infantil inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.- RUEPSS.

CAPITULO II FUNCIONAMENTO

ARTIGO 3. OBXECTIVOS DA ESCOLA INFANTIL

Son obxectivos específicos da escola:

- ✓ Promover e fomentar o desenvolvemento integral das/os menores e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas.
- ✓ Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- ✓ Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio desenvolvendo as súas capacidades emocionais e afectivas.
- ✓ Respetar a singularidade e diversidade de cada neno/a.
- ✓ Posibilitar a integración progresiva dos nenos/as na cultura do seu medio. Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.

- ✓ Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- ✓ Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.
- ✓ Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo
- ✓ Fomentar uso responsable das tecnoloxías dixitais.
- ✓ Promover hábitos saudables e sustentables a partir das rutinas.
- ✓ Promover modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas de resolución pacífica e dialogada dos conflitos
- ✓ Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promoven a igualdade de xénero.

Estes obxectivos serán desenvolvidos no Proxecto Educativo e na correspondente Proposta Pedagóxica da escola.

ARTIGO 4. CAPACIDADE DO CENTRO

A escola conta con 6 unidades e 87 prazas autorizadas distribuídas en tramos de idade da seguinte maneira:

1 unidade 0-1 anos 8 prazas
 3 unidades 1-2 anos13 +13+13 = 39 prazas
 2 unidades 2-3 anos 20 +20= 40 prazas

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os/as nenos/as poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:

Grupos formados por nenos/as de ata 2 anos de idade: 1/10

Grupos formados por nenos/as de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15

ARTIGO 5. SERVIZOS QUE OFERTA O CENTRO

Artigo 5.1. Servizo de Atención Educativa

Enténdese por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos/ás menores durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

A escola infantil conta cun Proxecto educativo de Centro.- PEC propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 95/2022 e as ensinanzas mínimas da educación infantil. Dito proxecto está a disposición das familias e autoridades competentes para a súa consulta.

A escola infantil atenderá a todas as facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do entorno no que viven os nenos/as.

A Escola infantil facilitará o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, e contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

A escola oferta o servizo de atención educativa durante o mínimo de 8 horas.

Artigo 5.2. Servizo de comedor

A Escola infantil presta servizo de comedor propio con cociñeira no centro, é diario e de uso voluntario e dispoñible para todos os nenos e nenas da escola que o contrataran.

Este servizo consiste na preparación e distribución dos alimentos polo persoal do centro, en cumprimento da normativa sanitaria. Este servizo abrangue o xantar, cun menú adaptado ás súas necesidades.

Os menús de cada xornada seguirán a pauta marcada por un/unha nutricionista, e serán expostos no taboleiro da Escola Infantil Municipal e enviados por e-mail á ANPA da escola.

Os menús serán expostos semanalmente (segundo artigo 26.1.a) do Decreto 329/2005).

Para garantir o bo estado dos alimentos e permitir a súa análise en caso de intoxicación gardaranse mostras dos mesmos diariamente.

Se o/a menor atendido/a é alérxico/a a algún alimento, os pais/nais ou representantes legais deberán poñelo en coñecemento da dirección do centro detallando os produtos que quedan excluídos da súa dieta. Cando os usuarios/as fixos/as do comedor non utilizasen o servizo deberán avisar con antelación ou ben o mesmo día antes das 09:00h.

Durante o período de adaptación de cada curso escolar os nenos/as de novo ingreso non poderán empregar o servizo de comedor, para facilitar a súa mellor adaptación.

Na hora da comida, estableceranse quendas segundo o número do alumnado matriculado.

Aquelas persoas solicitantes que teñan concedida praza sen servizo de comedor poderán facer uso deste servizo con carácter excepcional, pagando a cota establecida por días soltos. Deberán avisar con antelación ou ben o mesmo día antes das 9:00 horas da mañá e sempre que xustifiquen a súa necesidade documentalmente.

Artigo 5.3. Servizo de horario ampliado

Enténdese por horario amplo a atención aos nenos e nenas por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso quedar xustificadas documentalmente no expediente.

Se algunha familia utiliza, por causas xustificadas, un horario ampliado, aboará o importe mensual establecido.

Artigo 5.4. Actividades complementarias e extraescolares

Segundo a orde de gratuidade, exceptúase da actuación subvencionable o custo do servizo de comedor e as actividades extra á atención educativa e que supoñan un custo adicional cuantificable para a escola infantil. A escola debe xustificar o custo adicional.

Dedúcese que as actividades extra son as que se desenvolven fora do horario de atención educativa (subvencionado ao 100% pola Xunta de Galicia), é dicir actividades extraescolares que aboarán as familias.

As actividades complementarias nunha escola infantil municipal son desenvolvidas transversais ao currículo educativo e se detallan na programación didáctica.

ARTIGO 6. CALENDARIO E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 6.1 Calendario escolar

1. A Escola Infantil abrirá durante un mínimo de oito horas diarias, en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns a venres e doce meses ao ano, salvo causa xustificada. Non obstante, respectando estes mínimos, cada centro poderá determinar os seus calendarios e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente e da necesaria conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
2. En función da demanda A EIMBA permanecerá aberta de luns a venres de 8:00 h. a 20:00 h. en horario ininterrompido agás o mes de agosto cuxo horario será de 8:00 a 16:00 h. e sempre que as familias presenten certificado de empresa conforme están a traballar e non en período de vacacións ou realizando un curso de formación.
3. Serán días festivos na escola os establecidos no calendario laboral polo estado e a Comunidade Autónoma e os festivos locais que son os que aproba cada ano o goberno local.

Os peches do centro determinaranse previa consulta ás familias para a súa conformidade e aceptación deixando constancia escrita co fin de favorecer a necesaria conciliación fa vida familiar e laboral.

As causas dos peches estarán acreditadas mediante documentos asinados polo/a representante legal ou o técnico/a competente.

4. O alumnado poderá asistir ao centro un máximo de 11 meses. En casos excepcionais e debidamente xustificados poderase admitir a asistencia da/o nena/o os 12 meses. En tales circunstancias deberanse formular unha solicitude cunha antelación mínima dun mes que será estudada polo departamento de servizos sociais.
5. Horario de atención ao público será polas mañás dende as 10:30 ata as 13:00 horas.
6. O horario de apertura e peche deberán figurar no taboleiro de anuncios de cada centro e no RUEPSS

Artigo 6.2 Horario de permanencia dos/as menores

O horario máximo de permanencia dos/as menores no centro será, con carácter xeral, de oito horas diarias, agás causas excepcionais xustificadas nas que poderá ampliar o dito horario.

Artigo 6.3 Tipos de xornada

- Media xornada: 3/ 4 horas
- Xornada Completa, ata 8 horas.

Estas son escollidas polas familias podendo ser:

- Xornada mañá
- Xornada partida
- Xornada de tarde

CAPITULO III PROCEDEMENTO DE INGRESO

ARTIGO 7. PROCEDEMENTO DE INGRESO

Artigo 7.1. Procedementos de solicitude de prazas: Requisitos

Para ser adxudicatario/a de praza para os/as menores deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso na escola infantil.
- Non ter cumpridos os tres anos de idade o 31 de decembro do ano que se solicita praza, agás situacións especiais que estimará a comisión de baremación.
- Estar nado no momento de presentación da solicitude.
- Estar empadroadado/a, durante o tempo de asistencia á escola, toda a unidade familiar no Concello das Pontes de García Rodríguez e cunha antigüidade no padrón municipal de 3 meses a solicitude de matrícula. No caso de producirse por parte dalgún membro da unidade familiar a baixa no padrón municipal

perderá a praza na escola infantil. Poderán realizarse de oficio revisións no padrón municipal.

- Atoparse ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

Poderán eximirse do límite de idade os/as nenos/as con discapacidade física, psíquica ou sensorial susceptibles de integración, lodo do ditame do equipo específico.

Logo de ver o informe, a Comisión de baremación resolverá de forma motivada a escolarización, garantindo que ningún menor con NEAE e os informes favorables á súa escolarización, quede sen praza na escola infantil.

A opción dos servizos elixidos farase constar na solicitude e manterase durante todo o curso, salvo circunstancias sobrevidas acreditadas que xustifiquen a necesidade de modificación da opción elixida inicialmente.

Artigo 7.2. Entradas e Saídas

- a) O horario de entrada-saída dos nenos/as nos centros débese caracterizar pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non leve consigo alteración das actividades dos demais nenos/as e do normal funcionamento do centro. Non obstante, unha vez acordados co centro os horarios de entrada e saída dos nenos/as, as familias procurarán respectalos. En caso de atrasos inxustificadas e reiterados, a dirección do centro está obrigada a adoptar as medidas oportunas poñéndoo en coñecemento das familias.
- b) As familias e/ou representantes legais recollerán aos nenos e nenas ao remate da xornada. Nos casos nos que estes autoricen á dirección do centro para entregar ao neno ou nena a outra persoa, esta deberá ser debidamente identificada.

7.2 Criterios de prioridade para adxudicación das praza

1. Procedemento ordinario

a) Reserva de praza

O sistema de admisión respectará o principio de igualdade e non discriminación.

Proporciona continuidade ás prazas adxudicadas no ano anterior sempre que se manteñan os requisitos recollidos no artigo anterior e nas mesmas circunstancias de horario e servizos complementarios.

Os/as nenos/as matriculados/as en horario de tarde só poderán reservar praza nese mesmo horario. No caso de que se desexe solicitar praza en horario de mañá terá que presentarse a solicitude de novo ingreso para, deste xeito, ser novamente baremado.

Os/as menores que obtiveran a praza na xornada de tarde pero non cumprisen o requisito de empadroamento da unidade familiar, non terán dereito a reserva de praza.

As familias que desexen renovar a praza, deberán cubrir o impreso, que lles será facilitado na Escola Infantil e asemade xustificaran documentalmente os ingresos

económicos actualizados, da unidade familiar, así como outros datos susceptibles de baremación.

b) Novo ingreso

As prazas que non sexan cubertas no procedemento anterior ofertaranse á poboación xeral que cumpra os requisitos esixidos.

Os pais/nais, titores/as ou representantes legais das persoas usuarias, deben coñecer antes de formalizar a solicitude de reserva de praza / matrícula, as Normas de Funcionamento da escola infantil. A escola facilitaralle, polos medios acordados, as presentes Normas visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

Dentro desta modalidade determínase a seguinte orde de preferencia:

- Solicitudes de familias con nenos e nenas en adopción ou acollemento familiar
- Solicitantes con irmán/á cunha praza renovada no centro.
- As restantes solicitudes adxudicaranse atendendo á puntuación obtida pola aplicación do baremo que se achega no Anexo I.

Unha vez baremados terán preferencia as solicitudes de xornada completa sobre media xornada.

2 . Procedemento extraordinario

a) Solicitudes fóra de prazo

Con carácter excepcional poderanse presentar solicitudes fóra de prazo nos seguintes casos:

- Cambio de concello de residencia da unidade familiar.
- Nacemento, acollemento ou adopción da/o nena/o con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.
- Outras circunstancias que motivadamente aprecie a Comisión de Baremación.

As solicitudes presentadas fóra de prazo estarán condicionadas á existencia de prazas dispoñibles e sempre e cando cumpran as circunstancias de requisitos dos solicitantes.

Unha vez que as familias teñan concedida a praza deberán formalizar a matrícula nun prazo máximo de 10 días hábiles, no caso contrario quedará desestimada a solicitude.

b) Solicitudes para menores non empadroados

Se quedasen prazas vacantes, poderán optar á praza menores doutros concellos en xornada de tarde. Esta opción non dá dereito a reserva de praza.

Artigo 7.3 Lugar e prazo de solicitude da preinscrición

A presentación de solicitudes será no Rexistro Xeral do Concello ou na sede electrónica.

Reserva de praza: do 1 ao 10 de marzo, no caso de que estes días non resulten hábiles adiarase o inicio e/ou o fin do prazo ata o seguinte hábil.

Novo ingreso: do 20 de marzo ao 15 de abril, no caso de que estes días non resulten hábiles adiarase o inicio e/ou o fin do prazo ata o seguinte hábil.

Documentación a presentar

Documentación orixinal a presentar, de cuxa veracidade responsabilízase o/a interesado/a.

a. Reserva de praza

As familias que desexen renovar praza deberán cubrir a folla de reserva de praza, que lle será facilitada na Escola Infantil, coa seguinte documentación:

- Modelo de aceptación das bases do presente Regulamento de Réxime Interno
- Ficha de datos cuberta polas familias na que conste o horario de asistencia que os pais/nais, titores/as e representantes legais solicitan.
- Autorización para a consulta de datos en Facenda e Seguridade Social.
- Documentación xustificativa da situación económica dos/as proxenitores/as ou responsables legais, no caso de non aceptar a consulta de datos en Facenda e Seguridade Social.

Ademais naqueles casos nos que se producirán variacións na situación socio-familiar deberán achegarse as xustificacións documentais pertinentes susceptibles de baremación.

Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar empadroada a unidade familiar no curso inmediatamente anterior e estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación de solicitude calquera que sexa o curso escolar.

b. Novo ingreso

Ficha de datos cuberta polas familias na que conste o horario de asistencia que os pais/nais, titores/as e representantes legais solicitan.

1. Documentación acreditativa da situación familiar

- Libro de familia íntegro ou no seu defecto outro documento que acredite oficialmente a situación familiar. Se hai fillos/as de anteriores matrimonios que convivan no domicilio, por ter asignado o pai/nai a garda e custodia, tamén se entregarán estes libros de familia.
- DNI do pai/nai/ou representante legal.
- En caso de ser familia numerosa, libro de familia numerosa.
- Sentenza de separación, divorcio ou procedemento especial de menores, de ser o caso.
- Certificación de familia monomarental/monoparental de ser o caso.
- No caso de acollemento do/a menor, documento que o xustifique.

- No caso de algunha discapacidade ou enfermidade alegada polos membros da unidade familiar, certificado expedido polo organismo competente.
- No caso de nenos/as con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, certificado expedido polo organismo competente.
- No caso de nenos/as con necesidade específica de apoio educativo ou integración, informe do organismo competente.
- No caso de vítimas de violencia de xénero, acreditarase por medio de certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.

2. Documentación acreditativa da situación socioeconómica e laboral da unidade familiar

- Sentenza/auto xudicial na que se fixe a contía de pensións alimenticias ou compensatorias.
- Outros documentos, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais puntuadas no baremo ou informe de servizos sociais sempre que sexa necesario por falla de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que vive a unidade familiar.
- Se, durante o curso escolar, se produzan circunstancias sobrevidas que afecten aos recursos da unidade familiar, estas deberán acreditarse mediante a presentación da oportuna documentación xustificativa.

No caso de non aceptación para a consulta de datos en Facenda e Seguridade Social:

- Fotocopia da última nómina ou informe da vida laboral, ou de ser o caso, certificación acreditativa do INEM de estar en situación de desemprego con percepción ou non de prestacións de todos os membros da unidade familiar.
- Última declaración da renda ou certificado negativo de imputacións. En caso de declaracións individuais, copia da declaración de cada persoa da unidade familiar obrigada a declarar.
- Información fiscal de intereses e retencións, indicando saldo a 31 de decembro do ano anterior de todos os membros da unidade familiar, así como certificado de fondos de inversión, letras do tesouro ...

Artigo 7.4. Solicitudes incompletas

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos, requirirase ao/á interesado/a para que, nun prazo de dez días hábiles, dende que se lle require, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos con indicación de que, se así non o fixese, quedará desistido da súa petición.

Artigo 7.5. Relación provisional de admitidos e excluídos

Farase pública a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as coa puntuación obtida no taboleiro de anuncios da Escola Infantil do Concello e na páxina web do mesmo. A data de publicación desta relación en ningún caso será posterior ao 15 de maio.

Artigo 7.6. Reclamacións

As persoas solicitantes que o desexen poderán presentar as reclamacións, debidamente documentadas, que estimen oportunas á relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, no prazo de 10 días hábiles contados dende a data de exposición da relación provisional.

A resolución resolverase nos seguintes dez días hábiles.

Artigo 7.7. Relación definitiva de admitidos e listaxe de agarda e matriculación

Unha vez resoltas todas as reclamacións presentadas e resoltas pola comisión de baremación, as listaxes de admitidos/as e de agarda serán publicadas no taboleiro de anuncios do Centro e na páxina web e taboleiro de anuncios do Concello, xunto coa puntuación obtida en cada caso.

As persoas solicitantes admitidas deberán formalizar a matrícula na Escola Infantil Municipal no período comprendido entre o 16 e 30 de xuño para confirmar a praza, debendo achegar a seguinte documentación complementaria:

- Documento acreditativo do nacemento da nena ou neno
- De selo caso, informe médico do neno/a no que se reflectan as alerxias, intolerancias ou incidencias de calquera índole.
- DNI / NIE das persoas solicitantes
- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Cartilla de vacinación actualizada segundo o calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación ou calquera outra documentación do SERGAS que así o acredite.
- 1 foto tipo carné do/a neno/a
- Domiciliación bancaria
- Sinatura de aceptación do presente regulamento de réxime interno (normas de funcionamento do centro).
- Sentenza de demanda de divorcio ou documento que acredite quen ten a custodia do neno/a, réxime de visitas, horarios para a recollida etc.

Autorizacións por escrito para:

- Administración de medicamentos
- Recollida e entrega dos/as nenos/as no centro
- Impreso responsabilizándose os/as pais/nais e representantes legais de todos aqueles alimentos que traian das súas casas.

- Saídas didácticas do centro
- Autorización xeral para tratamento de audiovisuais, protección de datos, e todas as que se consideren oportunas asinadas polos pais/nais, titores/as e representantes legais do neno/a.
- Realización de reportaxes visuais ou fotográficas
- Traslado ao centro sanitario en caso de necesidade

No momento do seu ingreso, abriráselles un expediente persoal individual no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.

A non presentación desta documentación no prazo sinalado, entenderase como renuncia á praza, dando opción á matriculación daquelas persoas que quedaran na lista de agarda.

As baixas que se vaian producindo ao longo do curso escolar serán cubertas por rigorosa orde de puntuación entre as persoas solicitantes na lista de agarda.

Se feita a relación definitiva de admitidos/as, quedasen prazas vacantes, nalgún tramo de idade e non habendo listaxe de agarda, as prazas serán cubertas por rigorosa orde de entrada no rexistro no Concello das Pontes, sempre e cando reúnan o requisitos esixidos.

Artigo 7.8. Composición e funcións da Comisión de Baremación

- Presidente/a: concelleiro/a da Área de Benestar Social ou persoa na que delegue.
- Secretario/a: coordinadora do departamento de servizos sociais con voz e voto.
- Vogais:
 - 3 membros da ANPA da Escola Municipal Barosa
 - 3 membros do equipo Directivo da Escola Infantil Municipal
 - Persoa técnica de Servizos Sociais

Funcións da Comisión de Baremación:

- a) Comprobar as solicitudes unha vez baremadas polos técnicos/as do concello
- b) Supervisar o desenvolvemento do proceso de admisión
- c) Resolver calquera incidencia que poida xurdir no procedemento

ARTIGO 8. CAUSAS DE BAIXA

Son causa de baixa na Escola Infantil Municipal calquera das que se expoñen deseguido:

- Cumprimento da idade máxima regulamentaria

- Solicitude dos/as pais/nais ou representantes legais mediante instancia asinada presentada no concello ou na escola con 15 días antes do comezo do mes seguinte.
- Falta de pagamento da cota establecida durante dous meses consecutivos, ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar ao que se refira a débeda.
- Comprobación de falsidade, ocultación, falsificación ou manipulación nos documentos ou datos presentados
- Por falta de asistencia continuada durante quince días sen causa xustificada
- Incumprimento reiterado das normas que rexen o funcionamento do centro
- Circunstancias laborais dos proxenitores, titores/as ou representantes legais
- Comportamento ou trato co persoal da escola inapropiado

As baixas producidas ao longo do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, serán cubertas polos solicitantes que figuren na listaxe de agarda.

ARTIGO 9. PERÍODO DE DE ADAPTACIÓN

A escola conta cun protocolo de adaptación que será facilitado ás familias.

A escola infantil debe planificar o período de adaptación, tendo en conta que o neno ou nena rompe co lazo afectivo, coa figura de apego. O seu desenvolvemento a todos os niveis vai depender de como asimile este proceso. Por tanto debe ser planificado coas familias xa que van entrar nun lugar descoñecido con novas persoas e pasan de ser o centro de atención a un máis entre outros iguais.

ARTIGO 10. RÉXIME DE SAÍDAS

No caso de que a familia non consinta unha saída didáctica, o/a neno/a quedará na escola co resto do persoal se as saídas son por grupos e, no caso de que sexa unha saída conxunta, non poderá asistir á escola nesa data, xa que a escola permanecera pechada.

CAPÍTULO IV. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DA EIMBA

ARTIGO 11 ORGANIZACIÓN INTERNA

A EIMBA cumprirá en todo momento as ratios de persoal establecidas na normativa de aplicación, disporá de persoal directivo, docente e non docente ou de servizos o persoal directivo poderá desenvolver funcións docentes de contar coa titulación esixible para iso.

O persoal de atención directa a nenos/as, o persoal de apoio á atención e coidado dos/das nenos/as ou outro persoal, realizara as funcións que segundo a súa categoría

profesional se establezan no correspondente convenio colectivo de aplicación, así como na normativa laboral correspondente.

Artigo 11.1 Procedemento para a substitucións e imprevistos do persoal

- No caso de baixa do persoal debida a enfermidade breve este será substituído polo persoal de apoio do centro.
- No caso de baixa longa do persoal este será substituído por persoal coa debida titulación e este cambio será anunciado no taboleiro de anuncios do centro e informado ao concello e a ANPA da escola Infantil.

CAPITULO V. NORMATIVA REFERENTE AOS NENOS E NENAS

ARTIGO 12. DEREITOS DOS/AS NENOS E NENAS DA ESCOLA INFANTIL

- Acceso á escola e a recibir información sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- A consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal da escola como das demais persoas usuarias
- A confidencialidade e o sigilo profesional sobre os seus datos da historia social, sanitaria ou escolar dos menores e familias
- A que se cumpran todas as normas de hixiene e seguridade no desenvolvemento da actividade educativa (dentro e fóra do centro, nas saídas escolares) cos/coas nenos/as
- A recibir unha atención e educación personalizada e individualizada, tendo en conta o ritmo de madurez do/da menor asegurando o pleno desenvolvemento da súa personalidade e atendendo ás súas necesidades específicas
- Á intimidade persoal
- A que se lles facilite o acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para acadar o seu desenvolvemento integral.

ARTIGO 13 . NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 13.1 Normas de saúde persoal e hixiene

- Todos os nenos e nenas asistirán en óptimas condicións hixiénicas
- No caso de aparición de enfermidades infecto-contaxiosas durante a súa asistencia ao centro deberá ser comunicada ás familias ou representantes legais á dirección deste.

- Cando se produza a falta de asistencia ao centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais/nais, titores/as ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.
- No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos/as nenos/as no propio centro, informárase á dirección deste, e avisárase aos seus pais/nais, representantes legais ou titores/as, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos e nenas. O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio.
- No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións *in situ* e á maior brevidade posible, poñeráse a dita circunstancia en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais do neno/a e, se é o caso, procurarase que o neno ou nena reciba a atención médica axeitada.
- Evitarase, con carácter xeral, a administración de medicamentos no centro. As familias procurarán axustar a administración dos medicamentos nas horas que os/as menores permanezan na súa casa, sempre que o tratamento o permita.
- Nos casos en que se deban administrar medicinas os nenos e nenas (porque supón un risco para saúde), deberán ir acompañadas da receita médica, actualizada á data do tratamento, na que constará o nome do neno/a, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos proxenitores, titores/as ou representantes legais indicando as horas de administración da dose correspondente.
- Con carácter xeral atenderase ao disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de sanidade da Xunta de Galicia e exclusivamente aos boletíns epidemiolóxicos nos que se fan actualización das recomendacións para a exclusión de escolas.

Artigo 13.2 Normas de nutrición/ alimentación

- A Escola Infantil publicará no taboleiro de anuncios unha relación dos menús previstos quincenalmente, que proporcionarán unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade. Informárase de calquera modificación nos mesmos. Os menús serán supervisados por técnico/a en Dietética e Nutrición ou especialista competente.
- A Escola Infantil prestará un especial coidado en atender os casos nos que o/a neno/a, por motivo de circunstancias persoais, non deba recibir determinados alimentos, debendo estar debidamente informada a dirección e o persoal do centro desta circunstancia, co seu respectivo informe pediátrico.
- Os/as pais, nais titores e representantes legais dos/as nenos/as que traian algún tipo de alimento ao centro deberán asinar un impreso responsabilizándose do seu estado e efectos causados.
- Respetarase os horarios establecidos para as comidas

Artigo 13.3 Normas de convivencia

- O horario máximo de permanencia dos/as nenos/as na Escola Infantil Municipal será con carácter xeral de oito horas diarias, de xeito continuado ou partido, agás causas excepcionais e convenientemente xustificadas, que poderá ampliar este horario, en interese do/a menor.
- No caso dos/as nenos/as menores dun ano aconséllase que non permanezan na escola máis de seis horas, aínda que este horario pode ser ampliado ata as oito horas.
- O horario de entrada-saída dos/as nenos/as débese caracterizar pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non supoña alteración das actividades dos/as demais nenos/as e do funcionamento normal do centro.
- Unha vez fixados os horarios, as familias procurarán respectalos, avisar das demoras e consultar os cambios.
- O remate da xornada os/as menores serán entregados aos pais/nais ou representantes legais. Nos casos de ser outras persoas as que recollen aos/as nenos/as, os/as pais/nais ou representantes legais deberán avisar con antelación e na primeira reunión coas familias asinarán un documento acreditativo de autorización aos familiares ou persoas designadas para recoller aos seus nenos/as no centro.
- O período de vacacións débese comunicar á escola por escrito con anterioridade ao gozo das mesmas.
- A roupa e o calzado debe ser cómodo evitando no posible botóns, peches ou tirantes. Débense descartar os modelos tipo buzo.
- Por motivos de seguridade os/as nenos/as non poderán traer obxectos como pulseiras, medallas, cadeas. Evitáranse ademais os lazos, pinzas., e outros que poidan ser perigosos.

ARTIGO 14. PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE NENAS E NENOS

A escola promoverá a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os/as nenos/as. A promoción da igualdade estará no centro das actividades que se desenvolvan na escola e reflectirase non só nas actividades e material de traballo senón tamén nos comportamentos habituais do persoal educador.

O centro poñerá especial coidado en revisar aqueles materiais e ilustracións que se utilicen como instrumentos de traballo. Así mesmo vixiará que no uso da linguaxe se adopten expresións e formas non discriminatorias.

Asemade desde a escola prestarase atención especial ao fomento e respecto da interculturalidade, coma instrumento de superación de desigualdades, inxustizas, prexuizos e racismo.

A escola é o principal axente educativo da infancia. Nela non só se aprenden coñecementos senón que tamén se adquiren actitudes, valores e normas de comportamento

Na escola, a educación non sexista implica a participación non só do profesorado senón tamén da familia e a sociedade en xeral.

A escola programará actividades para promover a igualdade entre os nenos e nenas evitando os comportamentos discriminatorios por razón de sexo. As ditas actividades reflectiranse nos proxectos educativos e curriculares.

Estará presente na aula unha oferta de materiais de diferente tipo e coidarase dun xeito especial os materiais continuos, os inespecíficos e os elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación coa identidade e creen ambientes significativos.

Deberase ter en conta o coidado na selección e emprego dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.

O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén das outras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencia en todo momento actitudes de respecto e aprecio.

ARTIGO 15. A LINGUA

Os documentos oficiais da escola entregaranse en galego ou castelán, a demanda das persoas solicitantes.

Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais, fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas. As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexos de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

ARTIGO 16. PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN

A escola promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos/as nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo ou outras necesidades educativas por dificultade específicas de aprendizaxe, sempre e cando conten cos recursos materiais e humanos necesarios.

Nestes casos requirirase o informe previo dos equipos de valoración e orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.

Para os efectos da orde de gratuidade, considerarase que as nenas e nenos con NEAE ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte multiplicarase por dous.

ARTIGO 17. USO DAS DEPENDENCIAS E MATERIAIS.

As dependencias do centro distribúense de acordo aos espazos autorizadas segundo o Permiso de inicio de Actividade.- PIA ou as correspondentes modificacións substanciais do centro solicitadas a Inspección.

- Todo o material será coidado para o posterior desfrute dos demais.
- As aulas deberan ser respectadas como ambiente educativo, polo que terán a obriga de permanecer ordenadas, limpas e estruturadas.

CAPITULO VI. NORMATIVA REFERENTE Á FAMILIA

ARTIGO 18. DEREITOS DOS/AS PAIS/NAIS OU REPRESENTANTES LEGAIS

1. A consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal da escola como das demais persoas usuarias, sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
2. A confidencialidade e o sigilo profesional sobre os seus datos da historia social, sanitaria ou económica.
3. A ser informados do desenvolvemento diario da/o nena/o promovendo a súa participación e colaboración dunha maneira activa de cara á mellor consecución dos obxectivos educativos.
4. A ser escoitados e manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten, a través das vías oportunas.
5. A realizar visitas das instalacións do centro e promover entrevistas persoais antes de comezar o curso e ao longo do curso, cando así o soliciten, sen entorpecer o transcurso normal das actividades.
6. A deixar de utilizar os servizos ou abandonar a escola por vontade propia.
7. A asociarse co obxecto de favorecer a súa participación nas actividades e proxectos da escola.

Artigo 19. DEBERES DOS/AS PAIS/NAIS OU REPRESENTANTES LEGAIS

1. Cumprir as normas sobre a utilización e funcionamento do centro e os seus servizos establecidos neste regulamento.
2. Aboar o material, as actividades extraescolares se fose oportuno e as mensualidades conforme ao establecido no presente regulamento e no acordo regulador de prezos aplicable á Escola Infantil Municipal “Barosa”.

3. Asinar os documentos requiridos no momento da formalización da matrícula.
4. Manter unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia, colaboración, encamiñada a unha mellor convivencia.
5. Colaborar e participar na vida do centro na procura de acadar os fins e obxectivos educativos propostos.
6. Responsabilizarse daquelas situacións nas que por motivos de saúde ou malestar os/as nenos/as teñan que saír da escola.

ARTIGO 20. PARTICIPACIÓN DOS/DAS NAIS/PAIS OU REPRESENTANTES LEGAIS

1. Relación familia- escola infantil

Dende a Escola Infantil Municipal crearase un bo ambiente de confianza, respecto e seguridade de cara ao trato persoal coas nais e pais das/os nenas/os do centro.

A relación cos/as pais/nais/representantes legais deberá ser fomentada pola dirección da Escola Infantil Municipal e terá como principais obxectivos:

- Intercambio de criterios educativos.
- A transmisión mutua de información sobre actitudes e comportamento dos/as nenos/as.
- Compartir opinións sobre incidentes, preocupacións, actividades, etc.

A principio de curso celebrarase unha reunión para informar sobre o programa educativo do centro.

As nenas e nenos serán entregadas/os na escola ao/á pai/nai ou representantes legais, ou á persoa autorizada expresamente por escrito e documentada. Teranse en conta as cuestións concretas reguladas por disposición xudicial, que deberán ser postas en coñecemento da Dirección por quen sustenta a garda e custodia da nena ou neno.

No mes de setembro haberá unha reunión cos/as pais/ nais ou representantes legais dos nenos/as aceptados/as no centro por grupos para amosarlles as instalacións da Escola e explicarlles todo o que se considere de interese para eles/elas. Lerase, comentarase e entregarase tamén a normativa do centro para ser asinada. Así mesmo, exporase e comentarase o Regulamento de Réxime Interno e o Proxecto Educativo do Centro que quedarán expostos durante todo o curso no taboleiro de anuncios para poder ser consultado polos pais, nais titores/titoras e representantes legais dos nenos e nenas da escola cando o desexen.

2. Instrumentos de información ás familias ou representantes legais

Os instrumentos de información de cara ás familias ou representantes legais dos que dispón a escola infantil municipal son os seguintes:

- Reunións de principio de curso e trimestrais, para dar a coñecer o proxecto educativo, período de adaptación, normativa do centro, programación de aula, saídas, etc.
- Reunións extraordinarias a petición da dirección do centro, o departamento de orientación ou titoras ou titores coas nais/pais/representantes legais.
- Reunión de Escola de nais e pais, na que se tratarán temas relativos á crianza e evolución así como problemas cotiáns das nenas e nenos, e se intercambiarán opinións sobre os mesmos.
- Diario da clase, co fin de poder consultar datos relativos á estadía diaria dos/as menores no centro (alimentación, esfínteres, sono, incidencias, etc.).
- Intercambio diario de información coas nais/pais/ representantes legais, a través de conversas informais.

ARTIGO 21. ASOCIACIÓN DE PAIS/NAIS

A Asociación de pais e nais é o órgano de participación na vida do centro. A súa constitución e funcionamento fomentarase por parte da dirección da Escola.

En caso de constituírse a asociación de pais/nais terá como finalidade: defender os dereitos dos/as pais/nais/representantes legais no relativo á prestación de servizos dirixidos aos nenos/as, e participar conxuntamente e activamente coa dirección e co persoal da Escola Infantil Municipal para favorecer o desenvolvemento integral da poboación infantil atendida.

CAPITULO VII RÉXIME DE COBRAMENTO

ARTIGO 22. MATRÍCULA

No caso de que a escola estea acollida as axudas para o fomento da gratuidade da atención educativa, unha vez realizada a inscrición a matrícula e atención educativa é subvencionada ao 100% pola Xunta de Galicia.

A escola esta a aplicar o réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 e a súa actualización de prezos (Resolución de 10 de maio de 2017)

A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 15 días sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade.

As cotas de servizo de comedor, servizo de cociña (se procede), horas extra...serán detalladas no documento *Relación de Prezos* que se publicará no taboleiro de anuncios do centro e no apartado correspondente do RUEPSS. Os ditos importes serán aboados pola familia.

ARTIGO 23. FORMA DE PAGO

A forma de pago será a través de domiciliación bancaria, todas as familias deberán cubrir debidamente os impresos nos que se solicitan estes datos, tendo sempre en conta por parte do centro, que serán protexidos os datos de todos os usuarios debidamente segundo a Lei de protección de datos.

Todo o alumnado matriculado ten a obriga de aboar as cotas correspondentes aos servizos prestados non subvencionados, desde o mes de setembro ata o mes de Xullo.

Aqueles alumnos e alumnas que causen baixa deberán avisar con 15 días antes da finalización do mes, senón ten obriga de abonar a cota do seguinte mes.

Os/as alumnos/as que causen baixa sen estar xustificada segundo o artigo 8, unha vez comenzado o curso escolar deberán aboar as mensualidades restantes hasta o mes de xuño.

O pagamento das cotas farase segundo á ordenanza fiscal vixente.

ARTIGO 24. RESERVA DE PRAZA

No caso de vacacións ou ausencias, debidamente xustificadas, o centro reservará a praza do/a alumno/a. A non asistencia do menor non exime dos pagos mensuais das cotas correspondentes, xa que este pagos garanten a reserva de praza durante o curso.

A bonificación refírese ao 100% do prezo correspondente á atención educativa prestada aos menores da Comunidade Autónoma de Galicia, excluído o mes de vacacións do neno ou nena.

As familias poden escoller libremente o período de desfrute das vacacións, preferentemente nos meses de verán.

CAPITULO VIII NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUTURA

ARTIGO 25. MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE

- ✓ A Escola Infantil Municipal “Barosa” deberá ter en todo momento contratado o servizo de prevención de riscos laborais cunha empresa especializada nese cometido. A dita empresa levará a cabo a avaliación de riscos anual, co informe pertinente, e a formación do persoal.
- ✓ Seguindo o APPCC do centro tanto os alimentos preparados no centro como os utensilios de limpeza e as uñas da/o cociñeira/o poderán ser analizadas periodicamente pola empresa contratada para iso.
- ✓ No centro contamos con todo tipo de medidas de seguridade como extintores, antipillados, protectores de esquinas, plan de emerxencias, barra de saída de emerxencia e outros que foran solicitados polas autoridades competentes.
- ✓ Nas medidas de hixiene contamos con contedores de cueiros e guantes

- ✓ Todo o persoal da Escola Infantil Municipal posúe o Título de Manipulador de Alimentos e Primeiros auxilios.
- ✓ Todo o persoal que realice funcións de atención e coidado dos/das nenos/as deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual someterase a un recoñecemento médico que acredite que non padece enfermidade infecto-contaxiosa nin defecto físico ou psíquico que impida as súas funcións. Será igualmente preceptiva a vacinación do persoal contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os 3 meses seguintes á vacinación.
- ✓ A escola conta co Certificado do Rexistro central de delinquentes sexuais de todo o persoal.

O centro conta con:

- ✓ Plan de Autoprotección implantado (formación para a actuación nos casos de emerxencia e evacuación) e inscrito no REGAPE.
- ✓ Póliza de responsabilidade civil
- ✓ Póliza de accidentes das persoas usuarias
- ✓ Póliza de sinistros/danos
- ✓ Libro de reclamacións
- ✓ Rexistro de persoas usuarias
- ✓ Expediente individual de cada neno/a, poñendo en marcha todos os mecanismos posibles para a protección da información que se obteña na organización e desenvolvemento da Escola Infantil Municipal por parte da dirección do centro.
- ✓ Proxecto educativo xunto coa correspondente proposta pedagóxica a disposición das familias.

CAPITULO IX. LIBRO DE RECLAMACIÓNS

A escola infantil dispón dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias. O procedemento para a tramitación está recollido na Orde do 12 de xaneiro de 2021 pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais (códigos de procedemento BS105A e BS105B).

A Subdirección xeral de autorización e inspección de Servizos Sociais fai un seguimento continuo dos centros e programas a través das oportunas inspeccións co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos legais esixibles e a calidade educativa e asistencial procurando a mellora continua na prestación dos servizos, segundo o establecido nos artigos 75 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 49 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o

réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

CAPITULO X. SISTEMAS DE REVISIÓN DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Estas normas de funcionamento entrarán en vigor no momento que se incorporen ao RUEPSS polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

Serán expostas publicamente no taboleiro de anuncios do centro a disposición das persoas usuarias e seranlle entregadas ás familias co texto íntegro.

Calquera instrución ditada pola escola non pode ser contraria ás presentes normas de funcionamento visadas.

CAPITULO XI REQUISITOS E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Ter cumpridos, como mínimo, os 3 meses de idade na data de comezo do curso, e non ter cumpridos os 3 anos a 31 de decembro do ano para o que se solicita a praza.

Acreditar o empadramento no municipio con anterioridade aos 3 meses de solicitude de matrícula.

Criterios para adxudicación das prazas:

1. RPC mensual da unidade familiar, referida ao IPREM

Inferior ao 100% do IPREM	3 puntos
Entre 100% e o 150% do IPREM.....	2,5 puntos
Entre 151% e o 200% do IPREM.....	2 puntos
Entre 201% e o 250% do IPREM.....	1,5 puntos
Entre 251% e o 300% do IPREM.....	1 punto
Entre 301% e o 350% do IPREM.....	0,5 puntos
Superior ao 351% do IPREM.....	0 puntos

IPREM: Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples
Datos tributarios: referidos á declaración da renda

2 . Irmáns na EIM

Primeiro irmán, matriculado con praza renovada no centro.....2 puntos

Cada un dos irmáns seguintes con praza renovada no centro.....0,5 puntos
Irmáns que soliciten praza simultaneamente.....2 puntos
Se a familia ten un/unha menor acollido terá a mesma consideración que a de un irmán no baremo.

3. Outros Criterios

Situación laboral de ocupación de ambos os dous pais/nais (mínimo media xornada 3/4 h. diarias).

Nas familias monoparentais, está puntuación asimíllase a formada por dous membros.....6 puntos

Por cada fillo/a a cargo da unidade familiar (excluído o/a solicitante/s).....0,5 puntos

Discapacidade do/a alumno/a.....0,5 puntos

Discapacidade da nai/pai, titores e/ou outros membros da unidade familiar0,5 Puntos

Familia numerosa.....0,5 puntos

Criterios para resolver nos casos de empate

1. Maior puntuación por irmáns no centro
2. Presentar solicitude de praza para varios irmáns no centro
3. Situación laboral de ocupación dos pais/nais
4. Discapacidade do/a alumno/a
5. Puntuacións por outros irmáns a cargo da unidade familiar
6. Maior puntuación por renda
7. Na unidade familiar existan dependentes que teñan acreditación documental
8. Sorteio público

Os ditos criterios aplicaranse sucesivamente

4.- APROBAR A INSTALACIÓN DUN POSTO DE ACTUALIZACIÓN DE DOCUMENTACIÓN (PAD) DEPENDENTE DO MINISTERIO DO INTERIOR

O concelleiro Antonio Alonso Román da conta do ditame da Comisión Informativa de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, de data 28/06/2024 e explica o contido do expediente con referencia número 2024/X999/001075

Neste expediente constan os seguintes antecedentes:

En data 10 de xuño de 2024 tivo entrada un documento no rexistro do concello polo cal o Ministerio do Interior, a través da Xefatura Provincial da Coruña, ofrécelle ao concello a posibilidade de instalar un Posto de Actualización de Documentación (PAD). De acordo con este escrito, dito posto compre estar instalado no interior dun edificio, arrimado a unha parede, nunca nun soportal ou zona aberta. Que o edificio este equipado de toma de electricidade ordinaria e Ethernet tipo RJ45 e deberá estar localizado nun lugar en que en horas de apertura ó público teña vixilancia para evitar toda posibilidade de vandalización. Para levar a cabo a antedita instalación, compre que por parte da administración se aprobe no Pleno a instalación, así como a firma dun convenio entre o concello e o Ministerio do Interior, o cal será facilitado por este último cando se atope normalizado.

Na actualidade, os cidadáns desta vila das Pontes teñen que desprazarse ata as cidades de Ferrol, Coruña ou Viveiro para poder actualizar ou renovar a contrasinal do seu Documento Nacional De Identidade electrónico, tendo estes que sufrir o prexuízo de ter que desprazarse, a perda de tempo invertida na viaxe e o custo que conleva o transporte.

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes contidos na proposta e a normativa de aplicación por unanimidade, con once votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 3 do BNG e 1 do PP), acorda:

PRIMEIRO: A aprobación polo Pleno da Corporación da instalación do PAD-DNI.

SEGUNDO: Adherirse ó Convenio co Ministerio do Interior para a instalación do Posto de Actualización de Documentación (PAD).

TERCEIRO: Propoñer o distribuidor do Complexo Administrativo das Pontes (CAP) como o lugar de instalación das máquinas e mobiliario necesario por reunir todos os requisitos esixidos.

CUARTO: Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como sexa posible en dereito para a firma de cantos documentos sexan necesarios na tramitación deste acordo.

5.- LEVANTAR O REPARO SUSPENSIVO NÚMERO 219/2024 EMITIDO POLA INTERVENTORA MUNICIPAL CON DATA 21/06/2024 E APROBAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SEARA E DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SEARA PARA O FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO NO ANO 2024

A concelleira Ana María Pena Purriños dá conta do ditame da Comisión Informativa de Industria, Emprego, Seguridade e Atención cidadá de data 28/06/2024 e explica o contido do expediente, que se tramita co número de procedemento 2024/A004/000004. Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Bases de execución do orzamento do ano 2024
- Memoria, actividades e orzamento da Asociación con data 18 de xuño de 2023 na que se xustifican a necesidade dunha subvención para continuar coas actividades e facer fronte a pagos derivados das actividades xa realizadas.

- Proposta de gasto con data 19 de xuño de 2024.
- Proposta de convenio con data 19 de xuño de 2024.
- Informe da axente de Emprego e Desenvolvemento Local con data 19 de xuño de 2024.
- Informe de fiscalización número 219/2024 de data 21 de xuño de 2024.
- Proposta de acordo da concelleira delegada da Área de Industria, Emprego, Seguridade e Atención cidadá de data 24/06/2024.
- Ditame da Comisión Informativa de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá de data 28/06/2024.

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados e a normativa de aplicación, con oito votos a favor (7 do PSdeG-PSOE e 1 do PP) e tres abstencións do BNG acorda:

- 1º) Levantar o reparo suspensivo número 219/2024 emitido pola interventora municipal con data 21/06/2024
- 2º) Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor da Asociación de Empresarios das Pontes SEARA por importe de 38.500,00 € e aprobar o convenio de colaboración de deseguido se relaciona:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ E O A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS SEARA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ASESORAMENTO A EMPRENDEDORES E CONSOLIDACIÓN DE PROXECTOS EMPRESARIAIS, ACTIVIDADES DA REDE DE AUTÓNOMAS E EMPRESARIAS, SERVIZO DE CONSULTORÍA SOBRE AS AXUDAS E SUBVENCIONS, PROGRAMA DE ASESORAMENTO FINANCEIRO, GASTOS XERAIS E INVESTIMENTO PARA O ANO 2024.

D.^a Ana María Pena Purriños, co DNI N° 79.328.990N, concelleira delegada da Área de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá.

D. José Castro Romero, co DNI N° 76394347P, presidente da ENTIDADE Asociación de Empresarios de As Pontes SEARA .

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente do Concello das Pontes de García Rodríguez e da Asociación de Empresarios de As Pontes SEARA de ambas as dúas partes.

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello das Pontes de García Rodríguez e o (Asociación de Empresarios de As Pontes, SEARA con CIF N° G15839491), para o financiamento do programa de asesoramento a emprendedores e consolidación de proxectos empresariais, actividades da Rede de Autónomas e Empresarias, servizo de consultoría sobre axudas e subvencións, programa de asesoramento financeiro, gastos xerais e investimento da entidade durante o ano 2024

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Asesoramiento a emprendedores e consolidación de proxectos empresariais: asistencia técnica a través de persoal propio da entidade (salarios + seguridade social)	12.000,00 €

Actividades da Rede de Autónomas e Empresarias (asistencia técnica externa)	2.000,00 €
Servizo de consultoría sobre as axudas e subvencións (consultoría externa)	8.000,00 €
Programa de asesoramento financeiro (asistencia técnica externa)	8.000,00 €
Gastos Xerais	8.888,89 €
Investimento (mobiliario)	3.888,89 €
TOTAL	42.777,78 €

III.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. O Concello das Pontes de García Rodríguez contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **38.500,00 €**, o que significa un financiamento do 90%. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, o Concello só achegará o importe debidamente xustificado (con dous decimais), da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2024.433.48916 (35.000,00 € actividades e gastos xerais) e a aplicación orzamentaria 2024.433.78000 (3.500,00 € investimento), na que a Intervención municipal ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello das Pontes de García Rodríguez.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA MUNICIPAL.

1.- Logo da sinatura deste convenio poderase expedir por adiantado o 80 por 100 da subvención concedida. De acordo co disposto no artigo 34 da Lei xeral de subvencións e no artigo 46 do regulamento da Lei xeral de subvencións, a entidade subvencionada deberá depositar unha garantía por importe igual ao pago adiantado incrementado nun 20 %.

A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a ENTIDADE BENEFICIARIA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentado a xustificación correspondente

2.- Coa xustificación deberá achegarse a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da Asociación de Empresarios de As Pontes, SEARA , xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

-Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

-Con esta relación achegaranse os orixinais das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

-O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria e con cargo á dita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que lle correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse ao Concello xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos municipais á finalidade prevista.

-Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do 31 de decembro do 2024, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar ao Concello a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello determinarase de oficio por este.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados (peaxes autoestradas, billetes aparcadoiros, etc). O incumprimento desta disposición implicará que o devandito gasto se considere “non subvencionable” de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do Regulamento de Subvencións en relación cos artigos 31.2 e 37 da Lei xeral de subvencións sempre que o devandito gasto supere o importe de 300 €.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de

Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. O atraso na realización da actividade conlevará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de As Pontes, remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no taboleiro electrónico do Concello das Pontes, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na BNS.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2024.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á concelleira de Atención, Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención municipal.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.”

6.- LEVANTAR O REPARO SUSPENSIVO NÚMERO 223/2024 EMITIDO POLA INTERVENTORA MUNICIPAL CON DATA 25/06/2024 E APROBAR O EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO N.º 1/2024

O concelleiro Antonio Alonso Román da conta do ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos de data 28/06/2024 e explican o contido do expediente, que se tramita con número 2024/X999/001130.

Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Providencia de inicio, asinada dixitalmente o día 24/06/2024.
- Informe da Intervención con reparos núm. 223/2024, de data 25/06/2024.
- Proposta de acordo do concelleiro delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, de data 25/06/2024.
- Ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, de data 28/06/2024.

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados e normativa de aplicación, con oito votos a favor (7 de PSdeG-PSOE e 1 do PP) e 3 abstencións do BNG, acorda:

- 1º) Levantar o reparo suspensivo formulado pola intervención municipal no seu informe número 223/2024, para o obxecto de seguir coa tramitación do expediente de aprobación das seguintes facturas:

Partida	Data entrada	Data Factura	Data conformidade	Nº de Rexistro	Provedor	Texto Explicativo	Nº de Factura	Importe Total	
920	21300	02/07/2023	01/07/2023	22/02/2024	F/2023/3634	SECURITAS DIRECT ESPAÑA	FACTURA Nº 2307C00430516; Alarma Ed. Administrativo xullo-setembro 2023 (RC)	2307C00430516	149,30 €
338	22602	13/12/2023	13/12/2023	22/03/2024	F/2023/6670	PORTAS COMUNICACION SL	FACTURA Nº Emiti 58; Inserción publicitaria unha páxina na edición 238, de outubro de 2023- Concerto Burning (RC de CE)	Emiti 58	968,00 €
338	22602	13/12/2023	13/12/2023	22/03/2024	F/2023/6669	PORTAS COMUNICACION SL	FACTURA Nº Emiti 55; Publicidade unha páxina na edición 237, de setembro de 2023 - Cita coa Historia (RC de CE)	Emiti 55	968,00 €
432	22602	17/07/2023	17/07/2023	10/10/2023	F/2023/3901	EDITORIAL LA CAPITAL S.L.	FACTURA Nº PF23 557; Publicidade Turismo As Pontes	PF23 557	363,00 €
912	22602	03/08/2023	31/07/2023	10/10/2023	F/2023/4100	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	FACTURA Nº P23 006019; Monográficos 15/07/2023 La Voz media pax a cor - Día de Galicia 25/07/23	P23 006019	1.573,00 €
912	22602	10/08/2023	31/07/2023	10/10/2023	F/2023/4173	EDITORIAL LA CAPITAL S.L.	FACTURA Nº PF23 649; Día da patria galega 25/07/2023Ç	PF23 649	302,50 €
432	22602	08/09/2023	31/08/2023	17/10/2023	F/2023/4349	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	FACTURA Nº P23 007292; Publicidade - Un mar de Lecer (agosto Lago)	P23 007292	605,00 €

432	22602	27/09/2023	27/09/2023	18/10/2023	F/2023/4914	PINGOTA COMUNICACION S. COOP. GALEGA	FACTURA N° 23 132; Inserción de 4 páxinas de promoción turística de As Pontes na revista de turismo escolar DeExcursión	23 132	847,00 €
912	22602	07/11/2023	31/10/2023	16/11/2023	F/2023/6405	VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.	FACTURA N° P23 001819; Entrevista-ELENA LÓPEZ-MICRO; OCT-26; Radio Voz; Ferrol; Microespacio	P23 001819	235,95 €
432	22602	24/12/2023	31/07/2023	27/12/2023	F/2023/6795	ENFOQUES INFORMATIVOS EDITORIAL, SL	FACTURA N° F 230110; Banner 300x300 Home Enfoques.gal mes Julio 2023	F 230110	403,33 €
932	22708	30/12/2023	30/12/2023	16/02/2024	F/2023/6854	GAINTO, S.L.	FACTURA N° Emit-361; Mantemento datos catastrais mes de outubro 2023	Emit- 361	1.395,14 €
932	22708	30/12/2023	30/12/2023	16/02/2024	F/2023/6855	GAINTO, S.L.	FACTURA N° Emit-362; Mantemento datos catastrais mes de novembro 2023	Emit- 362	1.390,55 €
341	22609	15/06/2023	07/06/2023	17/08/2023	F/2023/3775	FEDERICO JOSE PEREZ- LAGO GOMEZ	FACTURA N° C2.23; Evento As Pontes Equestre 2023 - 03/03/2023	C2.23	10.756,90 €
341	22609	07/07/2023	08/06/2023	21/03/2024	F/2023/3777	FEDERACION HIPICA GALLEGA	FACTURA N° 7 2023; Asistencia técnica campeonato galego de andadura 03/06/2023	7 2023	2.900,00 €
341	22609	07/06/2023	03/06/2023	21/07/2023	F/2023/3359	SERVICIOS SOCIAIS VIRXEDO CARME S.L.	FACTURA N° AMB 01; Servicio de Ambulancia prestado el día 3 de junio de 2023 en Feria de Caballos en el Lago	AMB 01	1.385,45 €
341	22609	31/08/2023	25/08/2023	17/10/2023	F/2023/4278	MANUEL COUCE VIGO	FACTURA N° emit. 1011; Aluguer e montaxe de carpa no Lago (Concurso de cabalos)	emit. 1011	1.815,00 €
341	22609	15/11/2023	14/11/2023	14/12/2023	F/2023/6483	SAMU XXI S.L.	FACTURA N° Emit-1; Espectaculo 04/06/2023)-(Espectáculo caballos Lago)	Emit- 1	3.630,00 €
340	22609	06/03/2023	27/02/2023	28/04/2023	F/2023/1390	FEDERACION DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA	FACTURA N° 10-23 2; Organización campionato galego de inverno de Salvamento e Socorrismo	10-23 2	8.823,10 €
442	22706	06/07/2023	30/06/2023	06/10/2023	F/2023/3767	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.	FACTURA N° 80102305 207; Coordinación S+S - Centro Loigístico As Pontes	80102305 207	16.758,50 €
442	22706	10/07/2023	30/06/2023	06/10/2023	F/2023/3806	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.	FACTURA N° 80102305 208; Dirección execución - Novo Centro Loxístico	80102305 208	17.545,00 €
442	22706	12/07/2023	03/07/2023	12/12/2023	F/2023/3844	JESUS FERNANDEZ CARBALLAL	FACTURA N° Emit-23 3; Dirección de obra - Centro Loxístico	Emit-23 3	17.545,00 €
1722	22706	10/10/2023	28/12/2023	31/12/2023	F/2023/5799	PROYECTOS SOLUCIONES E INSTALACIONES GALICIA SLU	FACTURA N° 2023-0A 00000061; PROYECTO PARA EMBARCADERO DE RESCATE EN CANAL LAGO.	2023-0A-00000061	1.924,60 €
4312	22706	17/10/2023	28/12/2023	31/12/2023	F/2023/6046	ACERARQ CORUÑA S.L.	FACTURA N° Fac23-55; Proyecto básico y de execución de Ampliación del Mercado Municipal	Fac23- 55	17.484,50 €
920	22706	20/10/2023	28/12/2023	31/12/2023	F/2023/6209	PROYECTOS	FACTURA N° 2023-0A-	2023-0A- 69	7.741,39 €

						SOLUCIONES E INSTALACIONES GALICIA SLU	69; PROYECTO DE EJECUCIÓN LOCAL USOS MÚLTIPLES PORTA DO EUME		
453	22706	02/12/2023	02/12/2023	15/12/2023	F/2023/6598	INVEDRA PROXECTA S.L.P.	FACTURA Nº 2023 036; REDACCION PROXECTO MELLORADO PAVIMENTO EN CAMIÑOS DE ALVARON, MARRAXON E CASAS ERMAS	2023 036	1.573,00 €
453	22706	02/12/2023	02/12/2023	31/12/2023	F/2023/6601	JOSE MANUEL SAAVEDRA PANTIN	FACTURA Nº 2023 00014; DO e cordin. S+S mellora pav. Alvarón, Marraxón e Casas Ermas	2023 00014	1.815,00 €
453	22706	07/07/2023	29/06/2023	31/10/2023	F/2023/3781	GESTECNIC INGENIERIA S.L.	FACTURA Nº 249 23; Control de calidade - mellora de firme San Xoan do Freixo	249 23	762,30 €
453	22706	07/07/2023	29/06/2023	31/10/2023	F/2023/3782	GESTECNIC INGENIERIA S.L.	FACTURA Nº 250 23; Control de calidade externo viais San Xoan do Freixo	250 23	586,85 €
453	22706	24/05/2023	24/05/2023	13/06/2023	F/2023/3174	JOSE LOPEZ RODRIGUEZ	FACTURA Nº Emit-34; Estudios previos para la pavimentación de espacios peatonales en la zona de Saa	Emit- 34	1.004,88 €
338	22706	22/12/2023	22/12/2023	27/12/2023	F/2023/6777	KNOW NOW CONSULTING&TRAINING S.L.	FACTURA Nº CONS2023 8; Lote 2 Espectáculos fogos artificiais Cabalgata Reis-Consultoría	CONS2023 8	272,25 €
341	22706	23/12/2023	23/12/2023	16/02/2024	F/2023/6794	INTO GALICIA CONSULTING S.L.	FACTURA Nº 2023-146; Informe relativo a la reclamación de la empresa Viraxes	2023 - 146	1.028,50 €
341	22699	21/08/2023	21/08/2023	21/03/2024	F/2023/4219	PICARIÑOS ANIMACION S.L.	FACTURA Nº Emit-97; Animación Iroman 25/06/2023	Emit- 97	605,00 €
341	22699	04/11/2022	18/10/2022	19/12/2022	F/2022/5808	EZE MOSQUERA EVENTS S.L.	FACTURA Nº 2022-165; Servicios prestados no Ciclocros de As Pontes o 12/10/22	2022 -165	2.135,65 €
920	22604	23/05/2023	23/05/2023	31/12/2023	F/2023/3169	BUFETE RAUL MEIZOSO ABOGADOS S.C.P.	FACTURA Nº 2023 58; Intervención como letrado - petición derogación ou anulación Decreto nº 21/2023	2023 58	3.388,00 €
920	22604	02/10/2023	02/10/2023	31/12/2023	F/2023/4960	BUFETE RAUL MEIZOSO ABOGADOS S.C.P.	FACTURA Nº 2023 104; Interposición recurso contencioso anulación decreto nº 21/2023	2023 104	2.420,00 €
920	22604	12/06/2023	09/06/2023	26/12/2023	F/2023/3414	SOFIA LOPEZ RODRIGUEZ	FACTURA Nº 2023 282; Informe jurídico - Decreto Consellería Medio Ambiente relativo a ordenación Fragas do Eume	2023 282	726,00 €
1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de As Pontes, remitiralle a mesma información á Consellería

de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no taboleiro electrónico do Concello das Pontes, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na BNS.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2024.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á concelleira de Atención, Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención municipal.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.”

10.- LEVANTAR O REPARO SUSPENSIVO NÚMERO 233/2024 EMITIDO POLA INTERVENTORA MUNICIPAL CON DATA 26/06/2024 E APROBAR A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO VIII CAMPIONATO GALEGO DE AUGAS ABERTAS

A concelleira María Tania Pardo Cabarcos dá conta do ditame da Comisión Informativa de Axenda Urbana, Turismo, Deportes e Promoción Económica de data 28/06/2024 e explica o contido do expediente, que se tramita co número de procedemento 2024/A004/000002. Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Solicitud de subvención da Federación Galega de natación de data 19/02/2024.
- Bases de execución do orzamento do ano 2024.
- Providencia da concelleira de inicio de expediente con data 30/04/2024.
- Memoria do órgano xestor da subvención con data 24/06/2024.
- Informe do departamento de Deportes de data 25/06/2024.
- Texto do convenio de colaboración.
- Informe da intervención municipal núm. 233/2024 de dta 26/06/2024.
- Proposta de acordo da concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica de data 26/06/2024.
- Ditame da Comisión Informativa de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica de data 28/06/2024.

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados e normativa de aplicación, con sete votos a favor dos representantes do grupo político do PSdeG-PSOE e catro abstencións (3 do BNG e 1 do PP), acorda:

- 1º) Resolver a discrepancia existente e, na súa consecuencia, levantar o reparo suspensivo efectuado pola Intervención Municipal no seu informe de fiscalización núm. 233/2024, do 26 de xuño de 2024.

2º) Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor da Federación Galega de Natación por importe de 5.800,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 2024.341.48900

3º) Aprobar o convenio de colaboración que deseguido se relaciona:

“CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ E A FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN PARA O FINANCIAMENTO DO VIII CAMPIONATO GALEGO DE AUGAS ABERTAS.

D. Elena López Seco, co DNI Nº 32691915Z, concelleira delegada-especial de Turismo, Consumo, Hostalería e Comercio

D. Juan Carlos Brión Lema, co DNI Nº 52453669F, presidente da Federación Galega de Natación

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente do Concello das Pontes de García Rodríguez e a Federación Galega de Natación de ambas as dúas partes.

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello das Pontes de García Rodríguez e a Federación Galega de Natación, con CIF Nº G15137201, para o financiamento da VIII Campionato Galego de Augas Abertas.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Arbitraxes – 10 árbitros	500,00 €
Desprazamentos e dietas árbitros	600,00 €
Persoal colaborador – 12 persoas	600,00 €
Cronometraxe con chip	2.500,00 €
Medallas e trofeos	600,00 €
Gorros participantes	950,00 €
Speaker - megafonía	650,00 €
Servizo de ambulancia	600,00 €
TOTAL	7.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. O Concello das Pontes de García Rodríguez contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 5.800,00 €, o que representa o 82,85% do orzamento. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, o Concello só achegará o importe debidamente xustificado (con dous decimais), da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2024.341.48900, na que a Intervención municipal ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o

seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello das Pontes de García Rodríguez.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA MUNICIPAL.

1.- A achega do Concello será abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da Federación Galega de Natación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

- Con esta relación achegaranse os xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do 31 de decembro do 2024, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar ao Concello a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello determinarase de oficio por este.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data do pago (transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque ou talón nominativo, etc). Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados (peaxes autoestradas, billetes aparcadoiros, etc). O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que o devandito gasto se considere “non subvencionable” de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do Regulamento de Subvencións en relación cos artigos 31.2 e 37 da Lei xeral de subvencións sempre que o devandito gasto supere o importe de 300 €.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá con levar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. O atraso na realización da actividade conllevará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de As Pontes, remitiralle a mesma información á Consellería

de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no taboleiro electrónico do Concello das Pontes, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na BNS.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2024.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á concelleira de Atención, Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención municipal.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.”

11.- LEVANTAR O REPARO SUSPENSIVO NÚMERO 232/2024 EMITIDO POLA INTERVENTORA MUNICIPAL CON DATA 26/06/2024 E APROBAR A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DO CLUB GALLAECIA RAID PARA A ORGANIZACIÓN DO EUMERAID 2024

Este punto foi retirado da orde do día debido a un erro detectado no expediente.

12.- MOCIÓNS

O presidente da sesión, de acordo co artigo 91.4 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dá conta das seguintes mocións:

1.- Moción para a creación dunha ordenanza municipal de ruído do concello de as Pontes de García Rodríguez, mapa de ruídos e zonas de especial protección acústica, que presentou o grupo municipal do PP o día 27/06/2024 (RE núm.202499900002570).

O texto da moción é o seguinte:

“ANTECEDENTES

A contaminación acústica é un problema ambiental cada vez máis importante nas cidades e vilas, con efectos negativos sobre a saúde e o benestar das persoas.

O Concello de As Pontes de García Rodríguez como administración competente en materia de medio ambiente, ten a obriga de tomar medidas para protexer os seus cidadáns deste tipo de contaminación.

EXPÓN

Resulta necesario contar cunha ORDENANZA MUNICIPAL DE RUIDO que estableza límites de emisión de ruídos, horarios permitidos para actividades ruidosas, zonas de especial protección acústica, medidas de control e sancións para os infractores.

Ademais , é fundamental dispoñer dun MAPA DE RUIDO actualizado que permita identificar as zonas máis afectadas pola contaminación acústica e establecer ZONAS DE ESPECIAL PROTECCIÓN ACÚSTICA.

O Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte

ACORDO

1-. Elaborar unha ordenanza municipal de ruído que regule a emisión de ruído no termino municipal de As Pontes de García Rodríguez.

A ordenanza deberá establecer, entre outros aspectos:

- Límites de emisión de ruído por tipo de actividade e franxa horaria. •Horarios permitidos para actividades ruidosas.
- Medidas de control para o cumprimento da normativa.
- Réxime sancionador para as infraccións.

2-. Crear o mapa de ruído do municipio

O mapa de ruído deberá identificar as zonas máis afectadas pola contaminación acústica e establecer zonas de especial protección acústica.

3-. Crear zonas de especial protección acústica

As zonas de especial protección acústica son áreas onde se deben de aplicar medidas máis restritivas para controlar a emisión de ruído. Estas zonas, no noso caso, deberán incluír centros de saúde, centros educativos, residencias de anciáns, zonas residenciais tranquilas e espazos naturais

4-. Fomentar a sensibilización e educación ambiental en materia de ruído.

O Concello deberá levar a cabo campañas de sensibilización e educación ambiental para informar os cidadáns sobre os efectos negativos da contaminación acústica e as medidas que poden adoptar para reducila.

5-. Colaborar con outras administracións e entidades para a xestión da contaminación acústica.

O Concello deberá colaborar con outras administracións e entidades , como a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Dirección Xeral de Saúde Pública , para a xestión da contaminación acústica.

4-. Encomendar ao Alcalde o desenvolvemento do presente acordo”

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada con sete votos en contra do PSdeG-PSOE e catro votos a favor (3 do BNG e 1 do PP).

2.- Moción para sectorializar o desmantelamento das instalacións de Endesa en base ás necesidades de instalacións de empresas i en base ás instalacións a conservar, que presentou o grupo municipal do PP o día 27/06/2024 (RE núm.20249990002569).

O texto da moción é o seguinte:

“ANTECEDENTES

Tras a aprobación do peche da central térmica de ENDESA no noso concello en base a “Resolución de 10 de agosto de 2023, de la Dirección General de Política Energética y Minas, por la que se autoriza a Endesa Generación, SA, el cierre de los grupos 1, 2, 3 y 4 de la central termoeléctrica de As Pontes, con una potencia neta de aproximadamente 350 MW cada uno, en As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)” .

Unha vez finalizado o expediente pola que se incoaba procedemento para declarar BIC a cheminea da Central Termoeléctrica de As Pontes de García Rodríguez

En base o contido do punto 1 da Resolución de 21 de marzo de 2022, da Dirección General de Calidad e Evaluación Ambiental do proxecto “Desmantelamento dos grupos 1, 2, 3 3 y 4 da Central Termoeléctrica de As Pontes, no término municipal de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)”

EXPÓN

1-. O Concello de As Pontes de García Rodríguez ten a competencia para outorgar licenzas de obra no seu ámbito territorial , de acordo co disposto na “LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.” e no “DECRETO 92/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.” e na normativa urbanística municipal.

2-. No caso do desmantelamento da Central Térmica de ENDESA a Declaración de Impacto Ambiental queda dividido en 8 zonas con características propias e específicas dende o punto de vista das técnicas e maquinarias de demolición:

- 1-. Nave de turbinas e silos de carbón.
- 2-. Caldeiras e precipitadores.
- 3-. Plantas de desulfuración e desnitrificación.
- 4-. Parque de carbón central
- 5-. Parque de carbón de SAA
- 6-. Cheminea.
- 7-. Torres de Refrixeración
- 8-. Edificios e estruturas varias.

O Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte

ACORDO

- 1-. Modificar a normativa urbanística municipal para permitir o outorgamento de licencias de desmantelamento en fases.
- 2-. Establecer os requisitos e condicións para a solicitude e condicións de licencias de desmantelamento en fases.
- 3-. Promover o desmantelamento en fases da Central Térmica de ENDESA priorizando aqueles espazos que xa teñen establecidos proxectos industriais (Parque de Carbóns de SAA)

4-. Promover un estudo técnico nos espazos contidos no punto 8 buscando a viabilidade de cesión para proxectos industriais alternativos ou proxectos de formación antes do seu desmantelamento.

5-. Encomendar ao Alcalde o desenvolvemento do presente acordo”.

Tras o debate pertinente, a moción foi retirada por parte do grupo proponente.

Ás 11:09 h, sae do salón de Plenos o alcalde Valentín González Formoso.

3.- Moción para modificar a ordenanza municipal reguladora de posesión de animais domésticos, dos salvaxes en cativeiro e dos potencialmente perigosos que presentou o grupo municipal do PP o día 27/06/2024 (RE núm. 202499900002571).

O texto da moción é o seguinte:

“ANTECEDENTES

A Ordenanza Municipal reguladora de posesión de animais domésticos , dos salvaxes en cativeiro e dos potencialmente perigosos publicada no BOP N° 63 de 18/03/2003 e aplicable dende 14/10/2003 indica no seu artigo 17

Artigo 17.-Presencia de cans en espazos públicos

1.-Prohíbese a circulación e permanencia de cans e outros animais nas piscinas públicas durante a temporada de baño.

2.-Queda prohibida a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, así como en recintos de práctica de deportes e de xogos infantís, excepto os cans de cegos.

3.-Non obstante, os cans poderán deixarse soltos nos lugares e horas que con este fin acoute ou designe o Concello, acompañados sempre polo seu propietario ou posuídor.

En maio de 2021 a praia do Lago das Pontes contaba por primeira vez, desde a súa inauguración no ano 2012, cunha bandeira azul, galardón que concede cada ano a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (Adeac) e que reconece a calidade ambiental do areal pontés.

Os criterios para obter Bandeira Azul se revisan e consensúan anualmente a nivel internacional por parte dos Operadores Nacionais.

EXPÓN

O punto 18 da “GUÍA DE INTERPRETACIÓN DE LOS CRITERIOS BANDEIRA AZUL PARA PLAYAS 2024 “ da ADEAC indica que:

18-. PROHIBICIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS NA PRAIA

As normas locais referentes á limitación de cans, cabalos e outros animais domésticos na praia, deben ser estritamente respectadas e o seu acceso ou actividade rigorosamente controlados. (Imperativo).

As normas locais referidas ao acceso e estancia na praia de cans, cabalos e outros animais domésticos deben ser estritamente cumpridas e controladas en tódolos casos.

A prohibición de animais domésticos na praia debe abarcar toda a área de la praia candidata a Bandeira Azul, incluída a zona de baño, por motivos hixiénico-sanitarios.

As normas locais deben prohibir a presenza de animais domésticos na praia en temporada de baños, incluso fora do horario de baño. Deben existir sinais que indiquen tal prohibición.

As ordenanzas municipais relacionadas coa tenencia de animais deben contemplar sancións para as persoas que non respecten a prohibición de animais domésticos na praia.

Segundo estudos da OMS (Organización Mundial da Saúde), existen riscos microbiolóxicos para a saúde humana asociados á presenza de excrementos de cans nas praias, que desaconsellan a súa presenza nelas

Poden consultarse ditos estudos en:
<https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/42591/9241545801.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

Na maioría das praias de Bandeira Azul, os cans e animais domésticos están permitidos nas zonas de aparcamento, nos paseos ou sendeiros no entorno da praia, pero non se lles permite acceder á area, coa excepción dos cans guías para persoas con deficiencias visuais, que pola súa función social como pola súa educación, constitúen unha excepción.

No caso de que os cans e outros animais domésticos sexan aceptados na praia fora da tempada de baño, deben ser mantidos con collar e correa o baixo estrito control tanto na praia como no seu entorno e en zonas estremeiras. Así mesmo, os seus propietarios poden ser requiridos a recoller calquera residuo ou excremento do animal. Neste senso (e nas áreas en que sexan tolerados) débense proporcionar bolsas e lugares para o depósito de ditos residuos

O Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno do Concello de As Pontes de García Rodríguez a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Modificar a Ordenanza Municipal reguladora da posesión de animais domésticos, dos salvaxes en cativeiro e dos potencialmente perigosos” no seu punto 17 nos seguintes termos:

Artigo 17.-Presencia de cans en espazos públicos

1.-Prohíbese a circulación e permanencia de cans e outros animais domésticos nas zonas de baño e piscinas públicas durante a tempada de baño, agás os cans para persoas con deficiencias visuais.

2.-Queda prohibida a entrada de animais en espectáculos públicos deportivos e culturais, así como en recintos de práctica de deportes e de xogos infantís, excepto os cans para persoas con deficiencias visuais.

3.-Non obstante, os cans poderán deixarse soltos nos lugares e horas que con este fin acoute ou designe o Concello, acompañados sempre polo seu propietario ou posuidor. Habilitarase unha zona específica na contorna do Lago para o espaxamento dos cans e outros animais domésticos.

4.- Encomendar ao Alcalde o desenvolvemento do presente acordo”.

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada por 6 votos en contra do PSdeG-PSOE e catro votos a favor, (3 do BNG e 1 do PP).

4.- Moción para promover a recuperación dos 1400MW liberados polo peche da central térmica, que presentou o grupo municipal do BNG o día 28/06/2024 (RE núm. 202499900002572).

O texto da moción é o seguinte:

“ANTECEDENTES

Informe sobre as Perspectivas Industriais no Concello das Pontes logo do Peche da Central Térmica (actualización 15/05/2024)

Real Decreto-lei 23/2020

Plan de Desenvolvemento da Rede de Transporte de Enerxía Eléctrica 2021- 2026. Modificación de Aspectos Puntuais

O GPM do BNG propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDO

1. Demandar do MITECO e de REE que desenvolvan as negociacións cos promotores de parques eólicos con dereitos de acceso e conexión no Nó de Transición Xusta As Pontes 400 kV, para acordar trasladar os mesmos á nova infraestrutura Maciñeira 400 kV, coa finalidade de recuperar os 1.400 MW liberados pola central para o Concurso de Transición Xusta, e axilizar os proxectos industriais anunciados con problemas de evacuación e/ou de subministración eléctrica.

2. Encomendar ao Alcalde o desenvolvemento do presente acordo.”

Tras o debate pertinente a moción foi rexeitada por seis votos en contra do PSdeG-PSOE e catro votos a favor (3 do BNG e 1 do PP).

5.-Moción para identificar as propiedades de Enel-Endesa nas Pontes, que presentou o grupo municipal do BNG en data 28/06/2024 (RE núm. 202499900002572). O texto da moción é o seguinte:

“ANTECEDENTES

Peche e desmantelamento da Central Térmica

O GPM do BNG propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDO

1. Elaborar, con medios propios ou alleos, de xeito urxente, un estudo para identificar e inventariar todas as propiedades (infraestruturas, terreos, edificios, ...) de ENEL-ENDESA e de calquera outra entidade/sociedade do mesmo Grupo e/ou participada por el, no concello das Pontes.

2. Encomendar ao Alcalde o desenvolvemento do presente acordo.”

Tras o debate pertinente, a moción foi retirada por parte do grupo proponente.

6.- Moción para a recuperación do río Eume nas Pontes, que presentou o grupo municipal do BNG o día 28/06/2024 (RE núm. 202499900002572).

O texto da moción é o seguinte:

“ANTECEDENTES

Actividade mineiro-eléctrica de Endesa nas Pontes Peche e desmantelamento da Central Térmica

O GPM do BNG propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDO

1. Elaborar, con medios alleos expertos, de xeito urgente, un estudo para identificar o estado do río Eume no tramo situado no termo municipal das Pontes, mediante indicadores biolóxicos, hidromorfolóxicos, físicoquímicos e os considerados necesarios e/ou de interese para motivar as actuacións correctoras orientadas á súa recuperación, que se deben propoñer no mesmo xunto co orzamento e cronograma correspondentes.

2. Demandar a colaboración económica de Endesa polo importe total do estudo.

3. Encomendar ao Alcalde o desenvolvemento do presente acordo.”

Tras o debate pertinente, a moción é aprobada por unanimidade (6 votos do PSdeG-PSOE, 3 do BNG e 1 do PP).

Sae do salón de Plenos a concelleira Ana M^a Pena Purriños, ás 12:05 h.

13.- ROGOS E PREGUNTAS

O presidente abre a quenda de rogos e preguntas, de acordo co artigo 82.4 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A voceira do Partido Popular formula os seguintes:

- Como está a árbore caída sobre o edificio asociación de veciños do Freixo?
- A estrada da costa do inferno está cortada dende hai un ano e segue sin reparar, que se vai facer?
- Vaise facer a traída de auga de Sangoñedo?
- Na estrada da Poupariña, van asfaltar o ramal da Poupariña de arriba?
- Como están os pasos canadienses solicitados polos veciños do Freixo?
- Rogo: ir visitar a zona de Pontoibo cos veciños e ver as posibles solucións
- A Pista de Reboredo está en mal estado, medidas a adoptar?
- Na rúa Pontedeume, cal é a previsión de inicio das obras de mellora?
- Respecto ás caídas de veciños nas Campeiras, hai previsión de arranxo das lousetas? E tamén na avda. de Vilalba e na avda. de Ortigueira.
- As beirarrúas da rúas Antonio Machado, o poboado da Magdalena e outras, están cheas de herbas, existe previsión e planificación de limpeza?
- Estado da situación da casa do lateral da igrexa, hai posibilidade de limpeza?
- Como está o sistema de climatización da piscina do pavillón municipal?
- A dimisión da directiva do Club deportivo as Pontes, como afecta á subvención que ten co concello?

- Para cando un plan estratéxico de subvencións?
- Ante a falta de persoal do SAF, por que non se crea unha lista de selección temporal polo sistema de concurso para cubrir as necesidades dos veciños?
- Cando se vai sacar a licitación do SAF?
- En relación co xeriátrico, que dificultades hai coa compra do colexio da rúa Pardo Bazán?
- O número de prazas para os veciños do concello das Pontes será do 5%?
- Subvención á entidade Agalure, que actividades desenvolve nas Pontes?
- A que acordos se chegou cos veciños do Campo da Feira para a organización das festas nesa zona? Hai deseñado algún plan de seguridade?
- A colonia de gatos do colexio da Fraga impiden que os nenos poidan saír ao patio, que medidas se van tomar?
- Cales son as axudas que se solicitaron da Orde TED/1426/2021 pola que se regulan as bases para a da concesión das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a proxectos de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais en municipios de zonas afectadas pola transición enerxética no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se procede á convocatoria das mesmas?
- O concello conta cun plan de prevención de riscos laborais?
- Data aproximada para levar a Pleno a RPT?
- Para cando van a ter a documentación solicitada dende novembro?
- Valorouse a posibilidade de facer unha lista de selección de persoal temporal polo procedemento de concurso de méritos?
- Porque se cubre a praza de xornalista coordinador coa lista de redactor?

O voceiro do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

- Rogo: nas últimas eleccións, houbo queixas por que as cabinas están en malas condicións e pola localización das mesas.
- En canto á carpa do concello; o incremento na subvención concedida ás asociacións non lles chega para facer fronte ó custe da carpa alugada a un terceiro, que medidas se van tomar?
- Rogo; demandar da consellería de educación que asuma a xestión dos servizos complementarios (comedores, transporte..), e mentres iso non sexa posible, que sexa o concello o que asuma de xeito transitorio a prestación deses servizos.
- En que situación está a tramitación do servizo de pediatria e raios X?
- Rogo; o concello publica todo o referente a Escola Oficial de Idiomas a través das redes sociais pero non mediante a canle de whatsapp do concello.
- O ano pasado celebrouse unha festa dos maiores, está previsto repetila este ano?
- Vaise tomar algunha medida para a aliñación entre a rúa Ourense e a rúa Xermade?
- Rúa Eduardo Pondal e ronda do Poboado, é posible facer beirarrúas?

- No pleno do mes de marzo aprobarase unha moción por unanimidade solicitando unha compensación ao Goberno polo peche da central, fíxose algunha xestión nese sentido?
- Residencia xeriátrica; prorrogouse o convenio coa Deputación? existen dificultades coa adquisición do terreo?
- Concesións de auga a Ence e a H2Pole, o concello ten o texto desa concesión? Ten algunha limitación ou condicionante?
- Existe algunha información sobre o proxecto dunha instalación fotovoltaica?
- Contedores de residuos en Portorribo, coñecemento da situación?
- Desde que o concello é propietario da canle IV, que inspeccións se teñen feito?
- Ironman, vaise a celebrar? promóveo o concello?
- A pista da Fragachá está en mal estado e con gravilla solta, que se vai facer?
- E na pista do Cameleiro? que ten moito tráfico de camións de madeira?
- Pista de Sexe?
- Como está o contrato de Residuos Sólidos Urbanos?
- Reparación de contedores na Avda. de Vilalba?
- O parque de bombeiros, está sen efectivos?
- Desistencia da praza de arquitecto/a sacada no ano 2020? solicitan que se devolvan as taxas das persoas admitidas, de oficio.
- Novo chan dos Airíos, hai previsto o acondicionamento como chan industrial?
- No circuíto de karts, porque se cortaron os cipreses? vai ser esa a medida a tomar contra o ruído?
- Mantemento no Poboado das Veigas, na Avda. de Vilalba e nos Chaos?
- Rogo: na zona norte do Lago estase facendo unha plantación, interesarse polo tipo de licenza da que dispoñen.

REMATE DA SESIÓN

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás trece horas e vinte e tres minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretaria, certifico.

A secretaria

O presidente

Marina Núñez Orjales

Antonio Alonso Román

ARQUIVO DE VÍDEO E AUDIO

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 03/07/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

FF9EF229CAE9B654842A449E0AB6FE2A78C879D4289EEBD9C883FF80C2EA6995

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

O arquivo de audio da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

209EC2B92C5F58ADF545869A73B1C99FB4FE3E33CA5086E67ADDE393F91825A5

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de audio, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento

A secretaria

Marina Núñez Orjales